



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de setembro de 2023 (1544/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás des horas e quince minutos do día quince de setembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Pardo Espiñeira incorpórase á reunión no punto nº 9 e a concelleira Sra. Caride Estévez no punto nº 12.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(768).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 8 de setembro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(769).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE SELADO DE TEMPO (TSU) E DE CLAVES CENTRALIZADAS (CKC) EN HSM. EXPTE. 10168/113.

Visto o informe xurídico do 24/08/2023 e o informe de fiscalización do 05/09/2023, dáse conta do informe-proposta asinado con data 07/08/2023 polo adxunto ao xefe do Servizo de Administración Electrónica e o xefe do servizo, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Legislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato de Mantemento dos sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM (expte. 9149/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de novembro de 2020, á empresa AC CAMERFIRMA, S.A. por un prezo de 35.695,00 euros IVE incluído.

O contrato formalizouse en data 02/12/2020, entrou en vigor o 03/12/2020 e rematou o 02/12/2022.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, autorízase a primeira prórroga do contrato a favor da empresa AC CAMERFIRMA, S.A. polo período dun ano, do 03/12/2022 ao 02/12/2023, por importe de 14.278,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 2.478,00 euros).

Consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 4 de agosto de 2023, dispoñendo se proceda a instruír a segunda prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”*.



Concello de Vigo

- No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, dúas prórrogas de un ano de duración cada unha”*.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2022.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *“O importe a aboar ao contratista en concepto de mantemento farase efectivo durante o primeiro semestre do exercicio, agás no primeiro ano do contrato no que o prezo se aboará no segundo semestre, e previa presentación da correspondente factura que será conformada polo responsable do contrato”*.
3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 14.278,00 euros, dos cales 2.478,00 euros corresponden ao IVE.
4. Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2023	Mantemento Hardware e sist. almacenamento	9207.2279900	14.278,00 €

5. A empresa *AC CAMERFIRMA, S.A.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento dos sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM.
A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
6. Consta no expediente notificación número 80850/2023 recibida pola empresa con data 7 de agosto de 2023 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iníciase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 4 de agosto de 2023, autorizando o inicio de este expediente da segunda prórroga do contrato.
8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de

contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA**:

1.- Acordar a SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DOS "SISTEMAS DE SELADO DE TEMPO (TSU) E DE CLAVES CENTRALIZADAS (CKC) EN HSM" (9149/113) polo período dun ano, do 3 de decembro de 2023 ao 2 de decembro de 2024, polo importe total de 14.278,00 € IVE engadido.

2.- Autorizar o gasto de 14.278,00 euros (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>Ive</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279900 Mantemento da TSU	2023	4.400,00	924,00	5.324,00
9207.2279900 Mantemento do sistema CKC en HSM	2023	7.400,00	1.554,00	8.954,00
Total exercicio 2023		11.800,00	2.478,00	14.278,00

3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(770).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN 2023. EXPTE. 9824/335.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 17/08/2023 e o informe de fiscalización do 05/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/08/2023, asinado polo enxeñeiro industrial adscrito ao Servizo de Comercio, e conformado polo o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro-da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais resolveu o día 11 de agosto de 2023, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), para a realización da “Festa do Mexillón 2023”, o vindeiro 3 de setembro, no Parque de Castrelos (Vigo), dentro da programación “Vigo en Festas 2023”.

A Festa Gastronómica do Mexillón ven organizándose nos últimos anos no Parque de Castrelos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa o desenvolve a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

A Federación de Peñas Recreativas El Olivo está en condicións de organizar a Festa Gastronómica do Mexillón 2023, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Mexillón se desenvolverá o día 3 de setembro de 2023, coa cocción e degustación do mexillón, pregón e entrega do mexillón de ouro, actuacións e despacho do mexillón.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se

poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo”. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0005, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa “Festas de Vigo 2023”

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 15.000,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da sardiña.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada



Concello de Vigo

momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultada o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 21 e 28 de xuño de 2023.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais e do concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo", CIF G-36.704.666, para a organización da "Festa Gastronómica do Mexillón 2023".

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo" con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0005 (Convenio F.P.R. El olivo-Festa Mexillón) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO (G-36.704.666) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN 2023

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELEIRO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS ESPECIAIS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 21/06/2023 e 28/06/2023.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, (DNI 35.995.159-K) como presidente da Federación de Peñas recreativas de Vigo “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº 5 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9824/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa Gastronómica do Mexillón 2023, que se desenvolverá o día 3 de setembro de 2023, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2023**” no Parque de Castrelos. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Mexillón, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

IV.- O Concello de Vigo vén organizando o programa de actividades “Vigo en Festas 2023” que se desenvolve nos meses de xuño a setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.



Concello de Vigo

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo para o desenvolvemento da Festa do Mexillón 2023.

IX.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9824/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” e, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da XXV Festa do Mexillón 2023 que terá lugar no Parque de Castrelos o día 3 de setembro de 2023, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincuenta carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa "Vigo en Festas 2023".

4º.- Conceder directamente a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Mexillón 2023.



Concello de Vigo

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES87 2080 5082 3630 4000 7433 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes da segunda semana de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos



Concello de Vigo

establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas Especiais emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do

proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo xesto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas Especiais nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésimo.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obligatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.



Concello de Vigo

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Participación Cidadá e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio,

4(771).- DAR CONTA DE 9 RENUNCIAS VOLUNTARIAS DE BENEFICIARIOS/AS DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTADÍAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2023. EXPTE. 45025/332.

Dáse conta do informe asinado con data 05/09/2023 polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e conformado pola concelleira de Educación, a concelleira da Área de goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30 de xuño de 2023, acordou aprobar a resolución da convocatoria e a axudicación das 70 bolsas Concello de Vigo para estadías lingüísticas 2023 no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), desglosadas nos idiomas de inglés (14 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) , francés (9 bolsas coa asignación económica individual de 2.000.-€) , alemán (8 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) , italiano (17 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) , portugués (3 bolsas coa asignación económica individual de 1.600.-€) , xaponés (9 bolsas coa asignación económica individual de 2.000.-€) e xaponés (10 bolsas coa asignación económica individual de 1.700.-€) .



Concello de Vigo

Logo deste acordo adoitado polo órgano competente, o Servizo Municipal de Educación segundo o recollido na base décimo segunda das bases reguladoras desta convocatoria (aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 31/03/2023 e publicadas no BOPPO nº 78 do luns 24/04/2023), mediante nota informativa publicada na web institucional do Concello e na web da EOIV, comunica o proceso específico para a aceptación ou renuncia da bolsa, a todo o alumnado beneficiario destas axudas municipais en forma de bolsas de estudo individuais, que contribuirán a mellorar a competencia e capacitación en linguas estranxeiras do alumnado da EOIV, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional

En consecuencia todo o alumnado que resultou beneficiario tivo que tramitar vía telemática nun enlace web a aceptación ou renuncia expresa da bolsa no prazo habilitado ao efecto contado dende o martes 4 ao venres 7 de xullo, tendo en conta que a ausencia de tramitación no prazo habilitado ao efecto, implica a renuncia voluntaria á praza adxudicada.

Ao longo do periodo habilitado ao efecto se teñen presentado e acreditado documentalmente a aceptación de praza de 61 beneficiarios/as e igualmente a renuncia expresa á bolsa de 9 beneficiarios/as por razóns de índole persoal, que figuran arquivadas nas dependencias do Servizo Municipal de Educación como órgano xestor desta estadia lingüística obxecto da subvención municipal.

Continuando co proceso e segundo o recollido na base décimo terceira das bases reguladoras desta convocatoria, que indica que no caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; resulta que non existe lista de agarda en ningún idioma para poder cubrir estas vacantes xeradas polas renuncias presentadas.

En consecuencia e consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe, dar conta ao órgano competente, das nove renuncias voluntarias e ningunha alta que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2023; as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

Por elo, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Dar conta das nove renuncias ao desfrute da Bolsa “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2023 dos beneficiarios/as recollidos na seguinte táboa.

2º.- Aprobar a anulación dos documentos contables recollidos na seguinte táboa por importe total de 15.600.-€ destinados ao pago destas bolsas municipais a favor dos nove beneficiarios/as que teñen presentado a súa renuncia.

IDIOMA	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF	DOC CONTABLE	IMPORTE
Inglés	Lago González	Isabel	***6270**	202300144871	1.700.-€
Francés	Aguiar Alvarez	Noelia	***6100**	202300144888	2.000.-€
Italiano	Alonso Díez	Teresa	***4763**	202300144907	1.700.-€

Italiano	Conde Fernández	Jesús	***3061**	202300144913	1.700.-€
Italiano	Fresco Treviño	Trinidad	***0160**	202300144904	1.700.-€
Italiano	Méndez Martínez	Gabriel	***3181**	202300144909	1.700.-€
Italiano	Iglesias Fernández	María Concepción	***7655**	202300144917	1.700.-€
Italiano	Adame Moldes	Manuel	***6901**	202300144910	1.700.-€
Xaponés	Collazo Soto	Lucía	***5644**	202300144931	1.700.-€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(772).- PAGO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERÍODO XANEIRO A XULLO DE 2023. EXPTE. 62731/332.

Visto o informe de fiscalización de data 12/09/2023, dáse conta do informe-proposta asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e conformado pola concelleira de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, Lei Orgánica 3/2020. de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE publicada no BOE N° 340 do 30/12/2020), preténdese no seo dos Consellos Escolares promover unha mellora da capacidade da participación efectiva e eficaz da Comunidade Educativa e recóllese no seu artigo 127.i) que unha das competencias do Consello Escolar do centro pasa a ser a seguinte: “Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e sustentabilidade ...”. Igualmente os Concellos deben asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente, reconece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, e segundo o artigo 25.2.n) da Lei 7/1985 LRBRL teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación ...”

Por outra banda, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 29 de decembro de 2022, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2023 (Expte 26445/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades



Concello de Vigo

homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que: “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 11 de agosto de 2023, adoptou o acordo de aprobar un incremento de 817,52.-€ na previsión de gasto anual polo concepto “Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo”, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.233.0000 do exercizo orzamentario de 2023.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, **dende o 10 de xaneiro ate o 11 de xullo dos correntes, elévanse á cantidade de 230 consellos escolares.**

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

As distintas visións xurisprudenciais existentes nos últimos anos sobre a súa natureza xurídica, víronse aclaradas coa interpretación operada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 5 de febreiro de 2014, Rec. 2986/2012, en canto supuxo que as RPTs deixarán de catalogarse como instrumentos de natureza híbrida (disposición xeral no plano procesal / acto administrativo no plano substantivo), pasando a considerarse unicamente como acto administrativo, e polo tanto, poderá ser recorrible como tal. De igual xeito, a STS de 15 de setembro de 2014, estendeu idénticas consecuencias xurídicas á totalidade das RPTs (non só a da Administración Central) con independencia da administración á que pertenza.

Outro dos motivos doutriniais de controversia, foi o alcance deste dereito de impugnación, discutíndose sobre se este se cinguiría unicamente a aqueles aspectos novidosos que se recollen no último instrumento aprobado, ou tamén abrangue aqueles que son unha a reprodución exacta dunha RPT aprobada con anterioridade, o que podería chegar a entenderse que eran froito dun acto xa firme e consentido, e polo tanto, inatacables.

Neste senso, resulta bastante aclaratoria a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 17 de Setembro de 2014, rec. 176/2012, que recolle o seguinte:

“Sin embargo, que la parte actora no impugnara aquella RPT no es demostrativo del consentimiento del criterio de apertura a ambas escalas. Como tiene declarado el Tribunal Supremo en su sentencia de 13/12/2013 (LA LEY 209205/2013), recurso número 1914/2011, rechazando pretensión de inadmisibilidad del recurso, cada RPT es autónoma de la anterior o posteriores aun en los extremos no modificados, porque cuando se aprueba una RPT, aunque sea una modificación parcial, se abre la posibilidad de su impugnación directa, de modo que cuando una RPT reproduce otra anterior, no se puede hablar de acto consentido, siendo posible su impugnación. Y ahora con más razón, desde el nuevo criterio del Tribunal Supremo sobre la naturaleza de acto administrativo que cabe atribuir a las relaciones de puestos de trabajo, plasmado en la reciente sentencia de 5 de febrero de 2014 (LA LEY 20761/2014) (Recurso 2986/2012).”

O mesmo TSXG, na Sentenza do 1 de marzo de 2017, vén a reafirmar esta postura :

«...Pero como señalan los recurrentes la modificación operada reabre el plazo de impugnación respecto también de aquellos aspectos que repitan la regulación precedente,



Concello de Vigo

como dijimos en la Sentencia de 17 de septiembre de 2014 (recaída en el Recurso 176/2012) que se remite, a su vez, a la del Tribunal Supremo de 13 de diciembre de 2013, citada por los apelantes(...).

SEGUNDO.- Recurso potestativo de reposición

Os recursos interpóñense contra o acto de aprobación definitiva da relación de postos de traballo, acto que pon fin a vía administrativa (artigo 52 da LRBRL en relación co artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas LPACAP).

O recurso potestativo de reposición aparece regulado actualmente nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Os recorrentes, ostentan a condición de persoal empregado público e polo tanto de interesados (artigo 4 LPACAP).

O prazo para a súa interposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución recorrida é dun mes dende a súa notificación ou publicación, no caso de que o acto sexa expreso.

No presente caso, procede a tramitación dos recursos recollidos nos antecedentes ao terse presentado en forma e no prazo legalmente previsto,.

TERCEIRO.- Análise dos distintos recursos presentados

-Recursos presentados polas seguintes interesadas:

Nome	NP	Doc
Suárez Martínez M.	82987	230156675
Amboage García C.	78716	230156988
Martínez Ramos E.	79557	230157765
Gómez Figueiró P.	80630	230158389
Elvira Muñiz T.	84613	230158430
Martínez Fernández B.	84391	230159534
Méndez Caamaño S.	80678	230163449
Murillo Díaz A.	79789	230163499
García Gracia M.	79349	230164281
García Martín A.	79788	230166489
Díaz Sanchez M.	82992	230167664
Costas Lorenzo T.	80489	230167980
Álvarez Outeiro I.	79538	230168291

Trátanse de recursos totalmente idénticos no seu contido, polo que procede facer a mesma análise e valoración conxunta para todos eles.

Impúgnase basicamente o complemento específico asinado aos postos de “Diplomado/a en Traballos sociais” do Servizo de Benestar, considerando as recorrentes que este debe ser o

mesmo que o asignado ao posto de “Traballador/a social CEDRO”, ao pertencer todos a Área de Política Social e ter supostamente características similares en canto a perigosidade e penosidade, e dado que o instrumento agora recorrido non establece ningunha guía de funcións con respecto a eses postos.

O artigo 4.1 do Real Decreto 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local (de agora en diante RD 861/86), establece que:

“1. El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.”

Pois ben, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 28 de decembro de 2018, acordou a aprobación definitiva da modificación puntal da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (Expte 32837/220). Deste xeito, modifícase a denominación e configuración económica dos postos adscritos a Unidade Administrativa 315.-CEDRO, incorporando no complemento específico dos mesmos o factor de especial toxicidade/penosidade/perigosidade, de xeito que a inclusión do mesmo obedece ao desempeño das funcións dos postos baixo unha serie de condicións particulares e de risco biolóxico sobreengadido, derivado do contacto habitual con persoas que padecen enfermidades diagnosticadas tales como tuberculose, hepatite A-B-C, VIH, etc., tal como xa se reflectía no informe da técnica municipal do Servizo de prevención de riscos laborais do 15.10.2008. A iso hai que sumarlle a inseguridade potencial do desempeño das funcións dado o perfil dos usuarios do servizo, caracterizado por un baixo nivel de autocontrol e a concurrencia de patoloxías diversas (politoxicomanías, trastornos duais, sociais, etc.), sendo por desgraza moito máis habituais unha serie de incidentes totalmente intolerables como insultos e ameazas graves ou acoso e os intentos de agresión ou mesmo as agresións consumadas contra o persoal que prestan alí os seus servizos.

O persoal con posto de traballo “Traballador/a Social” adscritos ao servizo de Benestar Social atópanse destinados en distintas instalacións municipais (Casa do Concello-UTEs) e con atención a colectivos diferenciados (Poboación en xeral, colectivos de infancia e familia, persoas maiores, persoas con discapacidade ou persoas migrantes entre outros), polo que procedería un estudo exhaustivo das diferentes particularidades existentes en cada un dos postos, en canto as súas circunstancias específicas de exposición a riscos psicosociais, as responsabilidades de atender e resolver as necesidades vitais das persoas en exclusión ou risco de exclusión social e a carga emocional da exposición a situacións de alto impacto emocional.

O mesmo RD 861/1986, no artigo 4.2, determina que:

“El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo”.



Concello de Vigo

Actualmente atópase en tramitación o contrato sobre a análise e valoración de postos de traballo (APT e VPT) do Concello de Vigo, a revisión e actualización das vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo e a proposta de revisión de estruturas organizativas e funcionais existentes dende a perspectiva técnica especializada (expediente 40869/220), polo que calquera modificación das características retributivas dos postos, deberán ser analizadas no marco do estudo a realizar.

Polo exposto, os recursos deben desestimarse.

2.- Recurso presentado polo persoal con número 80701. Núñez Hernández R. Doc. 230169162.

En primeiro lugar, solicítase a revisión do complemento específico do posto de “Educativa social” para que se realice un incremento na súa equiparación realizada anteriormente cos postos adscritos a Unidade Administrativa CEDRO.

Reiterando unha vez o contestado anteriormente, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 28 de decembro de 2018, acordou a aprobación definitiva da modificación puntal da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (Expte 32837/220). Deste xeito, modifícase a denominación e configuración económica dos postos adscritos a Unidade Administrativa 315.-CEDRO, incorporando no complemento específico dos mesmos o factor de especial toxicidade/penosidade/perigosidade, de xeito que a inclusión do mesmo obedece ao desempeño das funcións dos postos baixo unha serie de condicións particulares e de risco biolóxico sobreengadido, derivado do contacto habitual con persoas que padecen enfermidades diagnosticadas tales como tuberculose, hepatite A-B-C, VIH, etc., tal como xa se reflectía no informe da técnica municipal do Servizo de prevención de riscos laborais do 15.10.2008.

Ao igual que se contestou no apartado anterior, o artigo 4.2 do RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, determina que o establecemento ou modificación do complemento específico exixirá con carácter previo que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo ás características expresadas no apartado 1 do mesmo artigo.

Actualmente atópase en tramitación o contrato sobre a análise e valoración de postos de traballo (APT e VPT) do Concello de Vigo, a revisión e actualización das vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo e a proposta de revisión de estruturas organizativas e funcionais existentes dende a perspectiva técnica especializada (expediente 40869/220), polo que calquera modificación das características retributivas dos postos, deberán ser analizadas no marco do estudo a realizar.

-En segundo lugar, alega que existe na RPT unha mal configuración do posto de “educadora social”, con código 3010208 da área de Benestar Social, en canto á titulación exixida para desempeñar o posto, que vén recollida coa titulación expresada co código 102 correspondente co Grao Rama Ciencias Sociais e Xurídicas ou equivalente.

En canto a titulación exixida, D R. Núñez Hernández, presentou alegacións ás bases específicas dos Procesos selectivos destinados á execución da oferta de emprego Público

de estabilización de emprego temporal do concello de Vigo (Expte 41758/220), no concreto particular de que se recolla como titulación de acceso a la praza ofertada unicamente a de Educador/a Social conforme ao expresado no escrito (doc 230200418).

Pois ben, ante a ausencia dun marco laboral definido no marco socioeducativo, as competencias académicas necesarias para o desempeño das funcións do titular do posto previsto de "Educador/a Social, atópanse no Grao en educación Social, mais tamén abrangue unha esfera máis ampla de titulacións en campos relacionados coas funcións atribuídas, como a Psicología, Pedagogía Social, Psicopedagogía, Sociología, Antropoloxía, Traballador Social e outros grados da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, perfectamente compatibles co posto a desenvolver.

E dado que non se trata dunha profesión que conte con unha regulación especial e concreta, a titulación requirida en función do posto, axústase ao disposto no artigo 76 do TREBEP, que regula os requisitos de titulación para o ingreso como persoal ao servizo das das administracións públicas:

"Los cuerpos y escalas se clasifican, de acuerdo con la titulación exigida para el acceso a los mismos, en los siguientes grupos:

Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.

Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado. En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.

Polo exposto, procede desestimar o recurso presentado.

3.-Recurso presentado polo persoal con número 21798. Comesaña Trigo X.V. Doc 230165604.

Alega este recorrente, que se lle está a pagar a todo o persoal da Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro, un incremento no complemento específico pola atención directa aos cidadáns na lonxa do Concello.

Manifesta igualmente que nesa dependencia a función esencial e prioritaria é a atención presencial continuada e directa ao cidadán, funcións que supostamente corresponden a todo o persoal da Oficina, incluída esa Xefatura, sendo estas funcións propias que deberían reflectirse no seu complemento específico do seu posto.

Pois ben, fronte a isto, ao igual que xa se lle ten notificado ao mesmo interesado en anteriores alegación, cómpre lembrar unha vez máis, e reiterando o xa contestado nos recursos precedentes, que o 4.2 do RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, determina que:

"El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo".

Actualmente, atópase en tramitación o contrato sobre a análise e valoración de postos de traballo (APT e VPT) do Concello de Vigo, a revisión e actualización das vixentes guías



Concello de Vigo

sobre funcións dos postos de traballo e a proposta de revisión de estruturas organizativas e funcionais existentes dende a perspectiva técnica especializada (expediente 40869/220), polo que calquera modificación das características retributivas dos postos, deberán ser analizadas no marco do estudo a realizar.

Polo exposto, os recursos deben desestimarse.

4.- Recurso presentado polo persoal con número 80677. Riobó Veiga L.A. Documento 230168322

En primeiro lugar, solicítase a revisión do complemento específico do posto Licenciado en Dereito, para que se inclúa un incremento na súa equiparación ao realizado no postos da Unidade Administrativa CEDRO.

Volvendo a reiterar novamente o contestado nos recursos de similar ou idéntico contido a esta alegación realizado por distinto persoal da Área de Benestar Social, Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 28 de decembro de 2018, acordou a aprobación definitiva da modificación puntal da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (Expte 32837/220). Deste xeito, modifícase a denominación e configuración económica dos postos adscritos a Unidade Administrativa 315.-CEDRO, incorporando no complemento específico dos mesmos o factor de especial toxicidade/penosidade/perigosidade, de xeito que a inclusión do mesmo obedece ao desempeño das funcións dos postos baixo unha serie de condicións particulares e de risco biolóxico sobreengadido, derivado do contacto habitual con persoas que padecen enfermidades diagnosticadas tales como tuberculose, hepatite A-B-C, VIH, etc., tal como xa se reflectía no informe da técnica municipal do Servizo de prevención de riscos laborais do 15.10.2008.

Ao igual que se contestou no apartado anterior, o artigo 4.2 do RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, determina que o establecemento ou modificación do complemento específico exixirá con carácter previo que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo ás características expresadas no apartado 1 do mesmo artigo.

Actualmente atópase en tramitación o contrato sobre a análise e valoración de postos de traballo (APT e VPT) do Concello de Vigo, a revisión e actualización das vixentes guías sobre funcións dos postos de traballo e a proposta de revisión de estruturas organizativas e funcionais existentes dende a perspectiva técnica especializada (expediente 40869/220), polo que calquera modificación das características retributivas dos postos, deberán ser analizadas no marco do estudo a realizar.

-Na seguinte alegación, o interesado solicita unha nova reconfiguración do posto de traballo de licenciado/a Dereito, no senso de configurar o mesmo como posto singularizado e recoller no apartado formación específica a relacionada coa materia de asesoramento xurídico en extranxeiría (formación ou experiencia no ámbito).

Tal e como se lle contestou en anteriores ocasións ao mesmo interesado, a STSXG 17.03.2011 declara persoal indefinido a Luis Alberto Riobo Veiga como licenciado en dereito. A nova RPT do ano 2022 crea conforme o establecido artigo 28 da Lei de Emprego Público

de Galicia (LEPG) o posto de licenciado en dereito adscrito a área de Benestar. Dito posto está asociado a praza incluída na oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo aprobada en data 31.05.2022 en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas (artigo 2 e disposición adicional sexta). Dito posto se crea como como persoal laboral seguindo a doutrina xurisprudencial fixada en STS de data 28 de marzo de 2019 en recurso 2123/2017.

Con independencia que determinadas guías de funcións de certos postos, de acordo á titulación e especialidade profesional, respectando o marco regulamentario e normativo aplicable e o código deontolóxico, xa se recolla como función asumir o asesoramento xurídico á Corporación do Concello de Vigo e aos órganos da Administración municipal que o precisen en cada caso, o posto de asesor/a xurídico previsto na RPT está reservado á persoal funcionario en base ao disposto no artigo 92 na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outro lado, o artigo 59 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de Ingreso, (RXI) define os postos non singularizados como aqueles que non se individualizan ou distinguen dos restantes postos de traballo nas correspondentes relacións.

Polo que “ a contrario sensu”, enténdense como singularizados aqueles que se individualizan ou distinguen os restantes na RPT.

O Tribunal Superior de Xustiza de Castilla León, sección de Valladolid, en Sentenza 1179/2019 de 10 Oct. 2019, Rec. 126/2019 recolle que “ *Los puestos de carácter singularizado, como se desprende del artículo 59.1 del Reglamento de Ingreso antes citado, son aquellos que tienen caracteres propios específicos, en forma tal que por las funciones que les están encomendadas contienen una especificidad competencial claramente diferenciada del resto de los puestos, en tanto que no puede entenderse que dichas funciones son intercambiables.*”

E o Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña en sentenza 347/2017 de 19 May. 2017, Rec. 306/2015 determina “ *O art. 59 el Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo , que regula la redistribución de efectivos establece que son puestos no singularizados " aquellos que no se individualizan o distinguen de los restantes puestos de trabajo en las correspondientes relaciones ". Es decir, que el carácter singularizado o no del puesto de trabajo no deriva de las funciones que tiene asignadas el funcionario (en el momento de la reclasificación que ahora se impugna el recurrente realizaba las funciones que se relacionarán más adelante, según doc. aportado por el actor con la demanda y prueba documental pública) sino de la individualización o distinción de los restantes puestos de trabajo (según valoración del órgano competente para la aprobación o modificación de la RPT).*”

Na área de Benestar- Xefatura de Acción Social existe un posto de asesor xurídico adxunto con mesmo CE que o posto de licenciado en dereito e titulación 6, clasificado como posto non singularizado. Así mesmo no servizo de igualdade consta posto de asesoría xurídica respecto do cal se esixe a titulación 6 e clasificado como posto non singularizado.

Pola súa parte, o artigo 44 Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia, determina que o persoal laboral incluído no ámbito de aplicación desta lei clasificarase de conformi-



Concello de Vigo

dade coa lexislación laboral e o respectivo convenio colectivo.

A RPT, polo tanto tanto, reflicte o posto de traballo na categoría profesional determinada por sentenza xudicial.

En canto á necesidade de recoller a formación necesaria en extranxeiría, remitímonos igualmente ao xa contestado en anteriores ocasións, no senso de que artigo 4 do Decreto 61/2016, de 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión, estrutura a Carteira de servizos sociais de inclusión en dúas áreas: área de servizos e área de prestacións económicas e dentro da área de servizo de prevención e primeira atención inclúese o servizo de asesoramento técnico especializado destinado a proporcionar información en materias de diversa índole que requiren un coñecemento especializado (extranxeiría, dereito familiar, abordaxe da violencia de xénero, discriminación por motivos raciais ou étnicos, etc.).

Por último o interesado, solicita que se requira a licenciatura en dereito como titulación oficial necesaria para desempeñar o posto previsto, fundamentando a súa pretensión no Real decreto 1027/2011, de 15 de xullo polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES); o artigo 24 do hoxe derogado Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro e o artigo que hoxe o substitúe, artigo 25 do *“Real Decreto 889/2022, de 18 de outubro, por el que se establecen las condiciones y los procedimientos de homologación, de declaración de equivalencia y de convalidación de enseñanzas universitarias de sistemas educativos extranjeros y por el que se regula el procedimiento para establecer la correspondencia al nivel del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior de los títulos universitarios oficiales pertenecientes a ordenaciones académicas anteriores.”*

Pois ben, en referencia ao alegado, cómpre lembrar que, o propio Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro, hoxe derogado, citado polo recorrente, xa recollía na súa Disposición adicional octava. “Titulación para el ingreso en las Administraciones Públicas”, o seguinte:

“Lo previsto en este real decreto no resulta de aplicación al régimen de titulaciones exigible para el ingreso en las Administraciones Públicas, que se regirá, en todo caso, por lo previsto en la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, y el resto de su normativa específica que resulte de aplicación.”

E do mesmo xeito, hoxe en día o Real Decreto 889/2022, que substitúe ao anterior, establece na súa Disposición adicional cuarta que:

“El régimen de titulaciones exigible para el ingreso en las administraciones públicas se regirá, en todo caso, por lo previsto en el [texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre \(TREBEP\)](#), y el resto de su normativa específica que resulte de aplicación”.

E precisamente acudindo a esta remisión ao TREBEP, o seu artigo 76, regula *“Grupos de clasificación profesional del personal funcionario de carrera.”*

“Los cuerpos y escalas se clasifican, de acuerdo con la titulación exigida para el acceso a los mismos, en los siguientes grupos:

Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.

Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado. En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.

La clasificación de los cuerpos y escalas en cada Subgrupo estará en función del nivel de responsabilidad de las funciones a desempeñar y de las características de las pruebas de acceso.”

E sen prexuízo de que para o exercicio de certas profesións reguladas concretas, se poida requirir unha titulación que non se corresponde co grao (como pode ser no caso de enxeñeiros superiores) STS 221/2019, de 21 de febrero de 2019, STS 1241/2019, de 25 de septiembre de 2019.

Por todo o exposto, procede desestimar o recurso presentado.

5.- Recurso do persoal con número 78835. Magadan Momo E.- Documento 230163062.

Alega a recorrente que na RPT agora recorrida non se identifica o posto de Licenciado de Ciencias do Traballo, que si vén contemplado na oferta de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo (expediente 39998/220).

En primeiro lugar convén aclarar unha vez máis o diferente contido das Ofertas de emprego, que recollen prazas e o da RPT no que se recollen os postos, confusión bastante habitual que se aprecia en algún dos recursos presentados.

No presente caso, a recorrente tiña recoñecida xudicialmente na orde xurisdiccional social a condición de traballadora indefinida non fixa, no grupo de Técnico Superior, e non como Licenciada en Ciencias do Traballo.

Co posto de Técnico de actividades Culturais e Educativas, existe pois unha identidade na categoría profesional, sen necesidade de que exista unha identidade completa nos contidos funcionais, tal e como se recolleu na Sentenza nº 68/18 do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 de Vigo, do 21 de maio de 2018, na que foi parte demandante a agora recorrente e parte demandada esta administración.

E do mesmo xeito se recollía dito posto igualmente na RPT aprobada definitivamente pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23/09/2022, e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) nº 188 de data 30 de setembro de 2022, é dicir, con posterioridade a aprobación da Oferta de estabilización publicada no BOP nº 93 de data 31 de maio de 2022.

Solicita, por último a recorrente, que se especifique ou modifique no seu caso, a titulación requirida para o posto, establecendo a vinculada á propia denominación, Licenciado/a en Ciencias do Traballo ou equivalente.

Dado que non se trata dunha profesión que conte con unha regulación especial e concreta, a titulación requirida en función do posto, axústase ao disposto no artigo 76 do TREBEP, que regula os requisitos de titulación para o ingreso como persoal ao servizo das administracións públicas:

“Los cuerpos y escalas se clasifican, de acuerdo con la titulación exigida para el acceso a los mismos, en los siguientes grupos:

Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.



Concello de Vigo

Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado. En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.

La clasificación de los cuerpos y escalas en cada Subgrupo estará en función del nivel de responsabilidad de las funciones a desempeñar y de las características de las pruebas de acceso.”

Polo exposto, procede desestimar o recurso presentado.

CUARTO -Órgano competente.

O órgano competente para resolver o recurso é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 123.1 da LPAC, e en relación co establecido no 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A vista do exposto, proponse ao órgano competente a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Desestimar os recursos de reposición presentados contra a aprobación definitiva da proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 (expediente 40934/220), de acordo cos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, e referidos ao seguinte persoal municipal:

Nome	NP	Doc.
Suárez Martínez M.	82987	230156675
Amboage García C.	78716	230156988
Martínez Ramos E.	79557	230157765
Gómez Figueiró P.	80630	230158389
Elvira Muñiz T.	84613	230158430
Martínez Fernández B.	84391	230159534
Méndez Caamaño S.	80678	230163449
Murillo Díaz A.	79789	230163499
García Gracia M.	79349	230164281
García Martín A.	79788	230166489
Díaz Sánchez M.	82992	230167664
Costas Lorenzo T.	80489	230167980
Álvarez Outeiro I.	79538	230168291
Núñez Hernández R.	80701	230169162
Comesaña Trigo X.V.	21798	230165604
Riobó Veiga L.A.	80677	230168322
Magadán Mompó E.	78835	230163062

SEGUNDO: Notificar a presente acordo aos interesados e indicar que, contra a resolución que se adopte poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e

condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo , Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(777).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NOS PROCESOS SELECTIVOS DA 3ª FASE DA OEP 2017-18-19, COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN E LUGAR E DATA DA PRIMEIRA PROBA. EXPTE. 41019/220

Dáse conta do informe-proposta de data 11/09/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Na sesión do 8 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas nos procesos selectivos da 3ª fase da OEP 2017-18-19, así como a composición dos órganos de selección e o lugar e data da primeira proba.

II.- Detectouse de oficio un erro na especificación da quenda do proceso selectivo para as prazas ofertadas de programador/a informático/a na sección correspondente á designación do persoal que conforma os órganos de selección.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

No presente caso, no acordo de XGL de data 8 de xuño de 2023 constaba os seguinte dato no punto terceiro do acordo:

“PROGRAMADORA/A INFORMÁTICA (C1) (promoción interna)”

Cando debería dicir:

“PROGRAMADORA/A INFORMÁTICA (C1)”

xa que o órgano de selección está designado para a quenda libre e a de promoción interna.



Concello de Vigo

II.- Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2023, 20/06/2023, 28/06/2023 e 22/06/2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

I.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o erro detectado no punto terceiro da proposta de acordo de data 1 de xuño de 2023 aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 8 de xuño de 2023 (designación do persoal que conforma os órganos de selección), de tal modo que onde di:

“PROGRAMADOR/A INFORMÁTICA (C1) (promoción interna)”

debe dicir:

“PROGRAMADOR/A INFORMÁTICA (C1)”

mantendo os restantes termos do acordo.

II.- Notificar o presente acordo ás persoas integrantes do órgano de selección afectado e publicalo na web municipal (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos para xeral coñecemento.

III.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(778).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL DIVERSO PARA TRABALLOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓNS A REALIZAR POLO EQUIPO DE MANTEMENTO NOS CENTROS ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA (BIBLIOTECAS PÚBLICAS E AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO). EXPTE. 4980/330.

Visto o informe de xurídico do 04/09/2023 e o informe de fiscalización do 05/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 29/08/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de datas 18 e 19 de maio de 2023.
- Memoria económica de data 2 e 3 de agosto de 2023, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Certificados de retención de crédito de data 11 de agosto de 2023.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 14 de agosto de 2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 3 de xullo de 2023, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 12 de xuño de 2023, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura.
- Informe de datas 4 e 5 de xullo de 2023, da técnica de administración xeral e maila xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos sobre a comprobación da



Concello de Vigo

documentación esixida pola normativa de contratación pública, e dilixencia de data 14 de agosto.

- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 14 de agosto de 2023, redactado pola técnica de administración xeral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Área segundo os decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou con data 19 de maio de 2023 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación do subministro de material diverso para traballos de mantemento e reparacións a realizar polo equipo de mantemento nos centros adscritos á Área de Cultura (Bibliotecas Públicas e Auditorio Municipal do Concello).

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto. Atendendo ao seu valor estimado procede a tramitación como un procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (artigo 159.6 LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).

- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de subministros segundo o establecido no artigo 16 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado abreviado.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 11 de agosto de 2023.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO:**



Concello de Vigo

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado abreviado, de do subministro de material diverso para traballos de mantemento e reparacións a realizar polo equipo de mantemento nos centros adscritos á Área de Cultura (Bibliotecas Públicas e Auditorio Municipal do Concello).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 14 de agosto de 2023, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de datas 14 de agosto de 2023, redactado pola técnica de administración xeral.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **18.751,25 € IVE engadido** (dezaoito mil setecentos cincoenta e un euros con vintecinco céntimos), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Ano 2023 (1 de novembro ao 31 de decembro)

3321.212.00.00 "Mantemento de bibliotecas públicas": 1.938,66 €

3331.212.00.00 "Reparacións e mantemento de Equipamentos culturais": 484,66 €

3321.221.12.00 "Material eléctrico bibliotecas públicas": 561,52 €

3331.221.12.00 "Material eléctrico Equipamentos culturais": 140,38 €

Ano 2024 (1 de xaneiro ao 31 de outubro)

3321.212.00.00 "Mantemento de bibliotecas públicas": 9.693,29 €

3331.212.00.00 "Reparacións e mantemento de Equipamentos culturais": 2.423,33 €

3321.221.12.00 "Material eléctrico bibliotecas públicas": 2.087,53 €

3331.221.12.00 "Material eléctrico Equipamentos culturais": 1.421,88 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(779).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE "DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES"- PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1603/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2023, asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga,

con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prorroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prorroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 01.06.2023 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES**, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación antes de IVE de CENTO CINCUENTA E OITO MIL NOVECENTOS DEZASEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (**158.916,80 EUROS**), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 23/05/2023.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **DEMOLICIÓN DO EMISARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES** por un importe de 6.670,50 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	2.670,87 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	2.670,87 €
Coordinación de seguridade e saúde	CIES ATLÁNTICO	667,72 €
	SUMA	6.009,46 €
	11% Gastos de Xestión	661,04 €
	TOTAL (IVE excluído)	6.670,50 €

IV.- Con data 1 de setembro de 2023 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.603/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 133.543,53 €
- resuposto de contrata: 158.916,80 (IVA excluído).



Concello de Vigo

- Prazo de execución: 1 mes.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se exige*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *ESINPRO*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Ruth Carballeira Martín (CIES ATLÁNTICO)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

➤ **PRIMEIRO.-** Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**DEMOLICIÓN DO EMSARIO DA ANTIGA EDAR LAGARES**”. cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, según o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.603/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 133.543,53 €
- resuposto de contrata: 158.916,80 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 1 mes.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se exige*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *ESINPRO*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Ruth Carballeira Martín (CIES ATLÁNTICO)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(780).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO” - PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1403/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2023, asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e



Concello de Vigo

Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prorroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prorroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 22.04.2023 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO**, redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación antes de IVE de SETECENTOS VINTE E SETE MIL SEISCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (727.694,55 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 01/03/2023.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO** por un importe de 30.544,82 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	SOLTEC	12.230,16 €
Asistencia técnica á D.O.	SOLTEC	12.230,16 €
Coordinación de seguridade e saúde	D. Luis Piñeiro Iglesias. SEGURINCO	3.057,54 €
	SUMA	27.517,86 €
	11% Gastos de Xestión	3.026,96 €
	TOTAL (IVE excluído)	30.544,82 €

IV.- Con data 1 de setembro de 2023 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.403/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 611.508,03 €
- Presuposto de contrata: 727.694,55 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 7 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se esixe*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *SOLTEC Ingenieros*

- Coordinación de Seguridade e Saúde: Luis Piñeiro Iglesias (SEGURINCO)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**EXTENSION DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO**” cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, según o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.403/441



Concello de Vigo

- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 611.508,03 €
- Presuposto de contrata: 727.694,55 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 7 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se esixe*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *SOLTEC Ingenieros*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Luis Piñeiro Iglesias (SEGURINCO)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(781).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA” - PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA EXPTE. 1392/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2023, asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de

40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 03.03.2023 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de “**RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA**”, redactado polo Enxeñeira Camiños, Canales e Portos, Trinidad López Rodríguez cun orzamento base de licitación antes de IVE de DOUSCENTOS QUINCE MIL VINTEDOUS EUROS CON CERO CÉNTIMOS (215.022,00 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 09/02/2023.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA**”, por un importe de 9.025,51 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	3.613,82 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	3.613,82 €
Coordinación de seguridade e saúde	SEGURINCO	903,45 €
	SUMA	8.131,09 €
	11% Gastos de Xestión	894,42 €
	TOTAL (IVE excluído)	9.025,51 €

IV.- Con data 1 de setembro de 2023 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.392/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 180.690,75 €
- resuposto de contrata: 215.022 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 4 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Grupo E, Subgrupo 1, Categoría 1
Grupo G, Subgrupo 6, Categoría 1
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Luis Piñeiro Iglesias (SEGURINCO)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do



Concello de Vigo

plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA** cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, según o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.392/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 180.690,75 €
- resuposto de contrata: 215.022 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 4 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.

- Clasificación do contratista: *Grupo E, Subgrupo 1, Categoría 1*
Grupo G, Subgrupo 6, Categoría 1
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *GALAICONTROL*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Luis Piñeiro Iglesias (SEGURINCO)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(782).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA SALCEDA DE CASELAS” - PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1251/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2023, asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020



Concello de Vigo

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 16.03.2023 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de “**SUBSTITUCIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA RÚA SALCEDA DE CASELAS**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento base de licitación (sin IVE) de CENTO VINTE E NOVE MIL SETECENTOS NOVENTA Y NOVE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (129.799,68 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 21/02/2023.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**SUBSTITUCIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA RÚA SALCEDA DE CASELAS**”, por un importe de 5.448,32 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	2.181,51 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	2.181,51 €
Coordinación de seguridade e saúde	SEGURINCO	545,38 €
	SUMA	4.908,40 €
	11% Gastos de Xestión	539,92 €
	TOTAL (IVE excluído)	5.448,32 €

IV.- Con data 1 de setembro de 2023 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.251/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 109.075,36 €
- resuposto de contrata: 129.799,68 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 2,5 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se exige*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *ESINPRO*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Luis Piñeiro Iglesias (SEGURINCO)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA SALCEDA DE CASELAS**” cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, según o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.251/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 109.075,36 €
- resuposto de contrata: 129.799,68 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 2,5 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se exige*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *ESINPRO*



Concello de Vigo

- Coordinación de Seguridade e Saúde: Luis Piñeiro Iglesias (SEGURINCO)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(783).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50” - PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA.EXPTE. 1231/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2023, asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 03.03.2023 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto “**RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50**”, redactado pola Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación sen IVE de CENTO CORENTA E UN MIL NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS DE EURO (141.918,24 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 6 de febreiro do 2023.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50**”, por un importe de 5.956,99 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	2.385,18 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	2.385,18 €
Coordinación de seguridade e saúde	SEGURINCO	596,30 €
	SUMA	5.366,66 €
	11% Gastos de Xestión	590,33 €
	TOTAL (IVE excluído)	5.956,99 €

IV.- Con data 1 de setembro de 2023 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.231/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 119.259,03 €
- resuposto de contrata: 141.918,24 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 4 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Grupo E, Subgrupo 1, Categoría 1
Grupo G, Subgrupo 6, Categoría 1
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Luis Piñeiro Iglesias (SEGURINCO)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.



Concello de Vigo

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente "**RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA MARCELO CURRÁS DO Nº 40 AO Nº 50**" cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, según o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.231/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 119.259,03 €
- resuposto de contrata: 141.918,24 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 4 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Grupo E, Subgrupo 1, Categoría 1
Grupo G, Subgrupo 6, Categoría 1
- Prazo de garantía: 2 anos.

- Asistencia técnica: GALAICONTROL
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Luis Piñeiro Iglesias (SEGURINCO)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(784).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO NO PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE PREDIOS NO SUC DO BC R02 E BC R01. EXPTE. 5292/401.

Dáse conta do informe-proposta de data 31/08/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral e a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno e tratado no Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 05/09/2023, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

I.- Damos por reproducidos por mor das necesarias concisión e brevidade, o relato de feitos e a fundamentación xurídica contida no informe-proposta subscrito conxuntamente pola Técnica de Administración Xeral e a Arquitecta Xefa do Departamento de Desenvolvemento urbanístico con data do 18.05.2023 que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo na sesión ordinaria que tivo lugar o 25.05.2023, que, entre outros pronunciamentos, acordou, na súa literalidade o que segue,

“(…)Examinado o presente expediente tramitado baixo o número 5292/401, incoado en data 02 de marzo de 2022 pola entidade Barrio do Cura Desarrollo SL , en solicitude de tramitación do Proxecto de normalización referido na cabeceira, co obxecto de proceder a unha operación de reorganización da propiedade no solo urbano consolidado do ámbito do Barrio do Cura, e coa finalidade de adaptar a configuración física das parcelas á aliñación prevista pola Modificación puntual do PXOU/1993, emítase o seguinte informe con proposta de acordo, resultando como Antecedentes máis salientables, os que seguen:

I.- O Concello de Vigo conta cun Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993). Asemade, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional aprobado definitivamente polo Pleno o 24.07.2019 ao abeiro da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG do 26.08.2019 e BOP do 20.09.2019. O ámbito obxecto da modificación puntual non está afectado por ese Instrumento de Ordenación Provisional. O Plan Especial de



Concello de Vigo

Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello foi aprobado definitivamente o 12.04.2007 (DOG do 06.06.2007 e BOP do 18.05.2007).

II.- Logo da preceptiva tramitación consonte a normativa de aplicación, con información pública e oficial, con data do 23.07.2021 o Pleno do Concello de Vigo, acordaba prestar aprobación, con carácter definitivo, á Modificación puntual do PXOU/1993, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, instrumento de iniciativa pública promovido por esta administración, documentación presentada polo equipo redactor no rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 30.06.2021 (Cod. Sol.: W572571-5583), na súa versión definitiva e que inclúe toda a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, datada en xuño de 2021, e asinada dixitalmente con firma válida polo arquitecto D. Alfonso Penela Fernández con data 29.06.2021;

Mediante Resolución da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 29 de outubro de 2021, dispoñíase a inscrición da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana para a reordenación do ámbito do barrio do Cura (expediente 16980/411), no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, da Sección II, do Libro I, Tomo I, folia rexistral nº 47, co número de rexistro ROTPG/P/65/2021, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

En cumprimento do disposto no amentado acordo Plenario de aprobación definitiva, procedeuse a publicación no Diario Oficial de Galicia núm.160 do 20.08.2021, e das súas normas e ordenanzas, no BOP núm.217 do 11.11.2022 , polo que ten acadado plena eficiencia e executividade.

III.- Con data do 07 de xuño de 2022, o Consello da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, de conformidade coa proposta asinada conxuntamente pola técnica de administración xeral do servizo de planeamento e xestión e a Xefa da Área de desenvolvemento urbanístico, co conforme do Xerente de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo:

“(.) Primeiro.- Proceder á aceptación da delimitación do ámbito de normalización de predios, proposta pola entidade Barrio do Cura, SLU, abrangendo dous ámbitos, unha parte do solo afectado pola Ordenanza BC R02 DE EDIFICACIÓN EN ALIÑACIÓN DE RÚA, cunha superficie de 3855,68m2 e 22 predios, co 90,61% (3168,52m2) da superficie da ordenanza BC R02, deixando fora o 9,39% (328,48m2) para unha futura normalización independente; e outra parte a correspondente a totalidade do solo afectado pola Ordenanza BC R01 DE EDIFICACIÓN SINGULAR EN BLOQUE ABERTO, cunha superficie de 2281,44m2 e 14 predios.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo, a todos os interesados no presente procedemento.

IV.- En cumprimento do dito acordado, procedeuse en legal forma, á notificación a todos os interesados no presente procedemento, e así consta acreditado no expediente dixital de razón.

V.- Trala achega polo equipo redactor, de diferentes versións da documentación técnica integrante do presente proxecto de normalización de predios en datas 02.03.2022, 12.04.2022,04.07.2022,20.09.2022, 04.10.2022, 02.12.2022, 22.12.2022 e 16.01.2023 , en cumprimento de senllos requirimentos municipais á vista dos informes técnicos que obran no expediente, finalmente con data do 16 de xaneiro de 2023, a entidade promotora da presente actuación, insería no Rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo,(Cod. Sol. W847122-9418 e Doc. Núm.230012809) documento refundido do “Proxecto de Normalización de predios do Solo Urbano Consolidado BC-R01 e BC-R02 do Barrio do Cura, redactado pola Avogada Carmen Abuín Fernández e o arquitecto Cesar Álvarez Arines, datado en decembro de 2022, e asinado con firma dixital válida o 13.01.2023, que anula e substitúe a todas as anteriores versións presentadas.

VI.- Neste estado da tramitación, con data do 02 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, - previo ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 24.01.2023-, adoptou o

seguinte Acordo,

(..)Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter inicial, ao documento nomeado “Proxecto de Normalización de predios do solo urbano consolidado BC R02 e BC R01” da Modificación puntal do PXOU de 1993, para a ordenación do ámbito do Barrio do Cura”, promovido pola entidade Barrio do Cura,SL, e que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 16 de xaneiro de 2023 (Cod.: Sol. W847122-9418 e oc. Núm.230012809) documento refundido redactado pola Avogada Carmen Abuín Fernández e o arquitecto Cesar Álvarez Arines, datado en decembro de 2022, e asinado con firma dixital válida o 13.01.2023, que anula e substitúe a todas as anteriores versións presentadas, abrangendo dous ámbitos, unha parte do solo afectado pola Ordenanza BC R02 DE EDIFICACIÓN EN ALIÑACIÓN DE RÚA, cunha superficie de 3855,68m2 e 22 predios, co 90,61% (3168,52m2) da superficie da ordenanza BC R02, deixando fora o 9,39% (328,48m2) para unha futura normalización independente; e outra parte a correspondente a totalidade do solo afectado pola Ordenanza BC R01 DE EDIFICACIÓN SINGULAR EN BLOQUE ABERTO, cunha superficie de 2281,44m2 e 14 predios.

Segundo.- Someter o presente expediente, inicialmente aprobado, con toda a documentación integrante do mesmo, a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, -computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica.

Terceiro.- Proceder á notificación do presente acordo, a todas as persoas interesadas no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto.”(...).

VII.- En cumprimento do dito acordado, someteuse o expediente con toda a documentación integrante do mesmo, ao correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de un (1) mes, consonte a normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de senllos anuncios no BOP núm.43, de data 02 de marzo de 2023 , na Web e na Sede electrónica municipal; e así o fai constar a Xefa da oficina de Rexistro desta XMU en dilixencia asinada o 18.05.2023, incorporada ao expediente electrónico de razón.

Consta asemade, certificación expedida con data do 18.05.2023 polo Secretario da XMU co visto e prace da Vicepresidenta da XM, na que se fai constar que,

VIII.- Os anteditos escritos de alegacións foron trasladados oficialmente á entidade Barrio do Cura, SL, e así consta acreditado no expediente electrónico de referencia, aos efectos do seu estudo e a emisión do informe que corresponda, tralo estudo das mesmas; Así, con data do 12.05.2023 (Cod. Sol.- W908869-3925; Doc. 230138579) a entidade Barrio do Cura SL, insería no rexistro electrónico da XMU, informe ás alegacións presentadas á aprobación inicial do dito Proxecto de Normalización, que se incorpora ao presente expediente como Anexo e lle serve de motivación, consonte co disposto no artigo 88.6 da LPACAP, cuxos fundamentos e motivos se fan propios, do xeito e co resultado que se indican ao longo do presente.

IX.- Así as cousas, con datas 12.05.2023 e 15.05.2023 respectivamente, a entidade “Barrio do Cura Desarrollo, SL”, achegaba a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (Cod. Sol.- W908869-3925;W909633-3922 e Doc. 230138579; 230139599-), solicitude asinada por David Ventoso Razón aos efectos de que se proceda a aprobación definitiva do presente expediente, e ao que xunta documentación consistente en: Informe sobre as alegacións presentadas á aprobación inicial do proxecto de Normalización de predios no ámbito do solo urbano Consolidado BC R02 y BC R01, Barrio del Cura, e Documento Refundido do proxecto de Normalización aos efectos da súa aprobación definitiva.

X.- Elevado o expediente completo a arquitecta xefa da área de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 18.005.2023 emite informe técnico do seguinte teor literal,



Concello de Vigo

(..) Antecedentes

Á vista das alegacións achegadas ao presente expediente, no respectivo período de información pública do acordo de aprobación inicial- incorporadas ao expediente electrónico 5292/401, emítese o seguinte informe co alcance técnico de estudo dos diferentes escritos de alegacións recibidos, sinalando que aos efectos da redacción do presente informe tívose en conta o informe ás alegacións elaborado polos técnicos redactores do proxecto que nos ocupa, - que se incorporará como Anexo na proposta de aprobación definitiva; Polo tanto, tomáronse en consideración para a elaboración do presente informe, as xustificacións, fundamentos e propostas aportadas polos técnicos redactores do presente proxecto de Normalización de Predios.

Informe técnico

A) Doc. núm. 230055236, solicita copia do Convenio Urbanístico entre o Concello de Vigo e Barrio do Cura SL, polo que, non se pode considerar unha alegación en se mesma.

B) Doc. núm. 230061512, en resumo, alega o que segue,

I) Aporta a documentación necesaria para demostrar a subrogación do contrato de aluguer por falecemento do cónyuge, libro de familia, certificado de empadramento, recibos de aluguer e suministros, certificado de grado de discapacidade, etc.

Acredita a ocupación legal da vivenda e a subrogación do contrato de alugueiro do seu marido falecido.

II) A aprobación do Proxecto de Normalización pretende materializar un proceso especulativo e a finalidade é expulsala da vivenda.

A finalidade do Proxecto de Normalización é axustar as parcelas actuais a ordenación detallada aprobada, que neste caso, con leva a extinción do dereito de alugamento

Procede a súa desestimación

III) Expediente incompleto na web. Non ten constancia da xustificación da delimitación. Nulidade do trámite de aceptación do ámbito porque e o acordo non lle foi notificado como interesada.

Na notificación enviada coa aprobación inicial expresase que"Sométese o expediente inicialmente aprobado, con toda a documentación integrante do mesmo, ao trámite de información pública polo prazo de un (1) mes,...." e incorporase un enlace da versión do proxecto aprobado inicialmente. O expediente administrativo 5292/401 está completo e constan todas as entregas feitas pola promotora, tanto as previas á aceptación do ámbito como as posteriores.

O trámite de aceptación do ámbito polo Concello, foi notificado aos propietarios titulares rexistrados e catastrais. A súa identificación como parte interesada prodúcese nesta alegación. Segundo o artigo 280.4 do RLSG a delimitación das zonas de normalización pode efectuarse no propio proxecto de normalización, neste caso a aprobación definitiva do ámbito se producirá coa aprobación definitiva do proxecto de normalización e dicir o procedemento está en trámite, maila o anterior, na alegación non expresa ningunha observación ou consideración á delimitación do ámbito, tan só á ausencia da notificación. A ausencia de notificación non invalida o procedemento.

Procede a súa desestimación

IV) Incorrección nos datos do edificio Santa Marta nº 8 en base aos coeficientes de participación pola superficie dos locais do inmovible. Son incorrectas certas medidas que serven de xustificación para o cálculo da parcela mínima. Compensación con as parcelas municipais para alcanzar a parcela mínima sinalada. Incorrecta valoración del local pertencente a Barrio del Cura SL. Nas parcelas municipais dedúcese os gastos de urbanización o cal resulta inadmisibile e non axustado ao convenio. Todos os cadros, contas, valores e compensacións están mal e infrinxen a legalidade vixente.

Os porcentaxes de participación cóllense dos títulos no rexistro da propiedade e no catastro, ambos coincidentes, e correspóndense coa división horizontal do edificio. A valoración, os cadros e as compensacións económicas son o resultado de ditos porcentaxes.

No que respecta á parcela mínima temos que remitirnos ao apartado 2.3.2.2, Normativa Urbanística da Ordenanza BC R02 da Modificación Puntual, definitivamente aprobada e firme en vía administrativa e xudicial, para parcelas existentes ou agrupación de existentes non existe parcela mínima, será aquela que poida acoller unha vivenda e poda resolver o acceso e reserva das paraxas que lle correspondan por razón de uso. Nin a parcela inicial P-18 cun fondo duns escasos 12,00m pode resolver o acceso e a comunicación vertical aos sótanos, nin as zonas de manobra nin as prazas de aparcadoiro, como se explica no informe técnico de data 12 de maio de 2023 do equipo redactor. Nin tampouco coa agrupación da superficie municipal de 70,43 m2 das parcelas colindantes P-14 e P-22 coas que alcanzaría os 188,34 m2. De superficie non se aumentaría o fondo. Por outra parte a mesma normativa urbanística para os efectos de parcelacións, segregacións ou operacións de regularizacións de predios esixe que a superficie mínima da parcela será a resultante dunha fronte de 8,00m. polo fondo edificable fixado, neste caso á Ru Santa Marta correspóndelle un fondo de 23,00m, superficie de 184,00 m2, mas non so ten que cumprir a superficie se non o fronte e o fondo.

A dedución de custes de urbanización nas parcelas municipais adaptase á estipulación Segunda, apartado 2, base B do “convenio urbanístico de execución de planeamento entre o Concello de Vigo e Barrio do Cura Desarrollo S.L.U. para o desenvolvemento da Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito Barrio do Cura”, asinado con data 15/11/2021, na que se establece que nas parcelas municipais os custes de urbanización serán afrontados por Barrio do Cura Desarrollo S.L.U.

Procede a súa desestimación

V) O título da parcela nº 14 é incorrecto. As parcelas destinadas a viario e adxudicadas a o concello de Vigo, B e C, non necesitan unha Normalización xa que poden ser obxecto de simple cesión, incumpre a lexislación vixente e non polo tanto inscribibles no Rexistro da Propiedade.

A normalización non se realiza polas parcelas de cesión obrigatoria se non pola inedificabilidade ou inadecuación ao planeamento do resto das parcelas iniciais.

Estímase parcialmente a alegación, no que atinxe ao título da parcela núm. 14, que semella incorrecto.

VI) Aporta un informe técnico redactado por Francisco José Castro Fernández, onde expresa o dereito de realoxo e unha valoración para o suposto de extinción de arrendamento, que eleva a renda media actual a 751,56€/mes para a zona, o que arroxa un resultado de 108.855,97 € de indemnización por extinción do arrendamento e gastos de traslado.



Concello de Vigo

A alegante expresa en primeiro lugar, apartado 3 do informe, o dereito de realoxo como ocupante legal da vivenda e, no suposto de extinción de arrendamento, apartado 4, unha indemnización maior a fixada no proxecto.

Coa valoración achegase un estudo de mercado, con 13 testemuñas nas que, por a localización, a existencia de ascensor, praza garaxe ou rocho, ou pola antigüedade do edificio non están correctamente homoxeneizadas co piso obxecto de valoración e non xustifican o valor da renda achegado.

Estímase parcialmente a alegación, respecto dos gastos de portes ou traslado pola extinción do arrendamento, aceptando a cantidade alzada solicitada.

SOLICITA se incorpore como interesada no procedemento e seu dereito ao realoxo, a revisión ou anulación da delimitación por non axustado a dereito, deixar sin efecto o proxecto de normalización e subsidiariamente aceptar a súa valoración.

C) Doc. Núm. 230062487 complementa a suplica da alegación engadindo o dereito de retorno, omitido no documento anterior.

Como as propietarias da vivenda que ocupa a inquilina non teñen dereito edificatorio recoñecido, non poden ofrecerlle o retorno, entende o proxecto de Normalización que ese dereito extínguese e fixa unha indemnización correspondente neste suposto, non se contempla inicialmente o dereito de realoxo e retorno. Pero o dereito de realoxo e retorno pode exercitarse fronte o propietario da nova edificación, neste caso Barrio do Cura SL, e polo tempo que reste ata a finalización do contrato.

Procede desestimar o dereito de realoxo e/ ou retorno

D) Doc. Núm. 230073050, Achega as seguintes alegacións:

I) Titularidade dos locais

Recoñecemento dos novos titulares de pleno dominio por terceiras partes indivisas dende a aceptación da herdanza e que corroboran os certificados rexistrais actualizados.

Procede a súa estimación

II) O contido do proxecto de Normalización do ámbito do Suelo Urbano Consolidado BC-R02 encubre unha redistribución de beneficios e cargas dos propietarios afectados, así como a expropiación forzosa de todos os bens e dereitos dos propietarios minoritarios.

A reparcelación é propia dos solos urbanos no consolidados onde existen operacións de distribución de beneficios (edificabilidade) e cargas (xestión, cesións de aproveitamento, gastos de urbanización). Neste suposto estamos nun proceso de normalización de regularización dos lindes das parcelas para adaptarse ao planeamento, non hai cesións nin minoración dos aproveitamentos a favor do concello. A adaptación das configuración das parcelas ao planeamento é un deber legal dos propietarios, art. 20.c) da LSG. O proxecto de Normalización recolle a posibilidade prevista no artigo 110 da LSG de indemnización en metálico para as variacións no valor das fincas

Procede a súa desestimación

III) Achega unha valoración, na que considera que o coeficiente K que pondera a totalidade dos gastos xerais, incluídos financiación, xestión, promoción e beneficio empresarial non pode ser 1,50 que é o

maximo previsto pola lexislación estatal de valoracións, para actuacións de extraordinaria localización, alta calidade da tipoloxía e risco previsible da actuación. Considerando un coeficiente 1,45 como mais adecuado porque estamos na parte mais baixa da actuación, sen vistas, fronte a edificios de mais de 50 anos e nunha zona sen actividade comercial.

Xustifícase o uso do coeficiente 1,50 pola consideración de que o Barrio do Cura non é unha promoción ao uso, polo seu tamaño máis de 360 vivendas con cargas de urbanización, no centro histórico de Vigo, cando menos é unha promoción singular.

Sinala un valor unitario en venta do uso residencial de 3418€/m² en vez de 3122,15€/m² para a parcela 18 polo emprazamento, a posición, a calidade do entorno, vistas no conxunto.

Non esta suficientemente xustificado o valor indicado, compara coas outras ordenanzas da ordenación, colle a ubicación que mais favorece para elevar o valor

Aplica as cuotas de participación do inmovible en función da superficie útil dos locais, emprazamento e uso e non pola división horizontal.

Os porcentaxes de participación cóllense dos títulos no rexistro da propiedade e no catastro, ambos coincidentes, e correspóndense coa división horizontal do edificio. A valoración, os cadros e as compensacións son o resultado de ditos porcentaxes.

Procede a súa desestimación

Solicita: se teñan como persoados e lexítimos interesados no expediente, se acorde o sobreseimento e arquivo do proxecto de Normalización do ámbito BC-R01 e BC-R01 e subsidiariamente se eleva a valoración dos seus bens a 686.915,72€

Procede estimar parcialmente a alegación no sentido do informe.

E) Doc. Num. 230080005 .

I) Sobre o alcance das normalizacións de predios de adaptar a configuración física das parcelas as determinacións do planeamento urbanístico, la diferencia de valores de las parcelas se compensaran en metálico, no PGOU-93 non contén ningunha previsión acerca da normalización de fincas, achega xurisprudencia para diferenciar entre unha normalización e unha reparcelación.

II) Ausencia de aprobación da delimitación da zona de normalización de predios, consta a aceptación (Consello de Xerencia de 7/6/2022) pero non a aprobación polo órgano municipal competente.

Neste expediente o procedemento da delimitación do ámbito iniciouse a instancia de parte, coa memoria e planos xustificativos, a aceptación municipal ao ámbito de normalización se levou a cabo polo Consello de Xerencia do 7/06/2022 e someteuse á audiencia dos interesados polo prazo dun mes, segundo o artigo 110.2 da LSG e o artigo 282.1 do RLSG durante dito período non presentáronse alegacións relativas á delimitación do ámbito.

A delimitación do ámbito aceptada queda incorporada ao procedemento de tramitación do proxecto de normalización, coa aprobación inicial polo consello de Xerencia de 24/01/2023 e Xunta de Goberno Local de 2/02/2023 e, no futuro, co acordo de aprobación definitiva do proxecto de normalización, implicará a aprobación da delimitación nel contida polo órgano municipal competente.



Concello de Vigo

O mesmo caso sucede na tramitación do planeamento de desenvolvemento non delimitado nos planes xerais e nos axustes de calquera ámbito delimitado, a nova delimitación vaise aprobando coa tramitación do instrumento, sempre coa audiencia aos titulares das parcelas afectadas.

Procede desestimar a alegación.

III) O proxecto de normalización incumpre a normativa de aplicación.

Expresa que o motivo que xustifica a normalización non é adaptar a configuración física das parcelas as aliñacións previstas na MP, ni a cesión ao concello dos terreos fora de aliñacións.

A análise detallada tería que facerse de todas as parcelas e non só das parcelas que non son propiedade do Barrio do Cura.

Os dereitos edificatorios están calculados para todas as parcelas do ámbito da normalización, a valoración indemnizatoria tamén están calculados para as parcelas completas ou inmobles onde exista un proindiviso con Barrio do Cura SL e por último non ten sentido calcular as indemnizacións das parcelas que son en exclusiva de Barrio do Cura SL.

Procede desestimar a alegación

Maíla que o Regulamento reconece a posibilidade de suprimir parcelas nun proceso de normalización, a Lei non, polo que dita previsión é nula de pleno dereito. Non está xustificada a supresión das parcelas de orixe cas previsións de planeamento, nin, na medida do posible, o mantemento do numero das parcelas preexistentes. O promotor non ten a liberdade de crear unha única parcela de resultado que non se axusta á finalidade da Normalización.

A xustificación da supresión das parcelas de orixe ven motivada pola estrutura parcelaria actual, as determinacións de planeamento, aliñacións e fondos edificables e incumprimento das condicións da parcela mínima sinalada no apartado 2.3.2.2 da Ordenanza BC-R02.

Procede desestimar a alegación

O alegante fai unha proposta de normalización de 15 parcelas e tamén expón a posibilidade alternativa de adxudicar aos propietarios minoritarios un proindiviso.

No informe do equipo redactor do 12 de maio de 2023 exprésase que na proposta aínda que se podan cumprir con os frontes e fondos edificables non se cumpre coa dotación de garaxe aparcamento en función do uso e a intensidade, non son capaces de conter o zaguán de entrada, as ramplas de circulación ou montacoches, pasillos de circulación e prazas de aparcadoiro suficientes.

Tan só os propietarios que representan o 26,7% da titularidade da parcela P-19 solicitan a adxudicación en proindiviso, no que asumen que a edificabilidade non alcanza o 15% do dereito edificatorio da parcela.

Procede desestimar a alegación

Non procede a creación, nin a adxudicación nin a cesión ao concello dos terreos afectados polas aliñacións. Trátase dunha reparcelación e non dunha normalización de predios.

A reparcelación é propia dos solos urbanos no consolidados onde existen operacións de distribución de beneficios (edificabilidade) e cargas (xestión. cesións de aproveitamento, gastos de

urbanización). Neste suposto estamos nun proceso de normalización de regularización dos lindes das parcelas para adaptarse ao planeamento, non hai cesións nin minoración dos aproveitamentos a favor do concello. A adaptación das configuración das parcelas ao planeamento é un deber legal dos propietarios, art. 20.c) da LSG

As cesións produciranse coas licenzas de edificación. Nada impide documentar as parcelas normalizadas destinadas a viario municipal.

Procede desestimar a alegación.

Diferenza de 33,93 m2 entre as parcelas iniciais 3.889,61m2 e as parcelas normalizadas 3.855,68m2.

Comprobados os sumatorios, non se detecta ningunha diferenza, o sumatorio das parcelas iniciais e as normalizadas é de 3.855,68m2 coincidentes.

Procede desestimar a alegación

Non se teñen en conta nas valoracións a indemnización correspondente por o cese das actividades económicas nos baixos.

O promotor opta por valorar o traslado da actividade de restaurante que se desenvolve nun dos baixos, e non polo cese. Eleva a indemnización por traslado en 23.720,70 €

Procede estimar a alegación

SOLICITA que se acorde a non aprobación definitiva do proxecto de normalización.

Procede desestimar a alegación

F) Doc. Núm. 23007881

- No doc 23007881 de data 29/03/2023 solicita copia dos documentos que integran o expediente da aceptación do ámbito, acordo do Consello de Xerencia de data 27/06/2022 e de determinados documentos do expediente 5292/401 de Normalización de predios do BC-R01 e BC-R02.

O achegado é copia do escrito de 27/06/2022 doc 220163757 do trámite da aceptación municipal do ámbito, que se contestou en data 14/07/2022 e consta recibido pola interesada. No obstante o anterior e tratándose dun momento procedimental distinto o 24/04/2023 se lle comunicou a ligazón para consulta e descarga do expediente dixital.

Non pode considerarse unha alegación en se mesma.

- No doc 230081185 de data 31/03/2023 expón que a Normalización de Predios é contraria a dereito e lesiva para seus intereses e que a súa parcela non precisa de adaptación de a configuración física ás determinacións do PGOU achega as seguintes alegacións:

l) Titularidade, resulta propietaria do 100% por herdanza da súa nai dende 9/11/2020, da finca rexistral nº 60208, correspondente co piso 1º da Rúa Santa Marta nº 10, na parcela P-15 da Normalización. Ela está empradonada alí e o piso atópase habitado.

As certificacións rexistrais actualizadas xa recollen a titularidade correcta.

Estimase a alegación.



Concello de Vigo

II) Acceso ao expediente, non se lle ten permitido o acceso ao expediente de Normalización solicitado en data 29/06/2022, alega indefensión. Na fase de información ao público da aprobación inicial do Proxecto de Normalización segue sen dispor documentación solicitada

No trámite de aceptación do ámbito previo á autorización do proxecto de normalización de predios se solicitou con data 29/06/2022, acceso e copia do expediente, e que foi contestada dende a Xerencia o 14/07/2022, que tendo en conta que todavía non se acordou a aprobación inicial do proxecto de normalización de predios, non se considera que o expediente sexa público, polo que se non se lle poden facilitar as copias solicitadas. De todos modos, sendo vostede parte interesada no presente procedemento, como titular de ben catastral do ámbito de referencia, pode consultar o expediente (sen a obtención de copias dos documentos obrantes no expediente, e previa disociación dos datos de carácter protexido), previa cita no teléfono 986 810 325 ou no correo electrónico urb.planeamento@vigo.org. O escrito permite o acceso e consulta do expediente, sen obtención de copias, no resulta correcto expresar que non se lle ten permitido acceso ao expediente.

No trámite de información pública da aprobación inicial do proxecto de Normalización solicitou mediante doc 23007881 de data 29/03/2023 copia de determinados documentos do proxecto de Normalización e no doc 230081185 de data 31/03/2023, é dicir dous días mais tarde de solicitalo, alega que segue sen dispor da documentación solicitada. O 24/04/2023 se lle comunicou a ligazón para consulta e descarga da documentación solicitada.

Desestimase a alegación.

III) A modificación puntual do Barrio do Cura introduce determinacións "ad hoc" en Suelo Urbano Consolidado co fin de xustificar unha actuación expropiatoria.

A Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito Barrio do Cura, foi aprobada definitivamente no cabe consideracións ou alegacións sobre sus determinacións.

Arbitrariedade na delimitación dos ámbitos de Normalización, deixando unhas parcelas para unha futura delimitación, similares á propiedade que representa. E que a lexislación obriga a execución por polígonos completos.

A xustificación da delimitación do ámbito está indicada no apartado 1.4 do Proxecto de Normalización, e ven dada pola ordenación detallada contida na Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito Barrio do Cura, nesta zona de Solo Urbano Consolidado, planteanse tres edificios, dos deles correspondense cos ámbitos delimitados e o outro pode funcionar de xeito independente, tamen as dúas zonas son nas que a promotora e casi propietaria da totalidade das parcelas. O artigo 280.3 do RLSG permite coller cuarteiróns completas, parte delas o ámbitos equivalentes, podendo afectar a edificacións existentes. No informe técnico municipal para a aceptación da delimitación sinalábase que Na documentación achegada demostrase que non se produce a diminución dos aproveitamentos otorgados polo planeamento tanto nos ámbitos delimitados neste proxecto como o que queda para una normalización posterior, polo que os ámbitos se poden desenvolver dunha maneira independente. A referencia que se fai na alegación a polígonos completos refírese a ámbitos de Solo Urbano No Consolidado onde hai distribución de beneficios e cargas.

IV) A edificación de Santa Marta n.º 10 non está fora de ordenación, nin precisa adaptar su configuración física á ordenación o único incumprimento é o da parcela mínima establecida na Ordenanza BC-R02 no que se exige que podan acoller unha vivenda normativizada e podan resolver o acceso e reserva das prazas de garaxe que lle correspondan por razón de uso. Ningunha das parcelas do SUC do Casco

Vello cumpre dita condición. A insuficiencia dos dereitos aportados resólvense cunha compensación económica como unha expropiación encuberta e como se un proxecto de equidistribución se tratase.

O artigo 20.c da LSG obriga aos propietarios de Solo Urbano Consolidado a regularización da parcela para adaptala as esixencias do planeamento vixente que é a Modificación Puntual do PXOU 93 e do PEPRI Casco Vello, no ámbito do Barrio do Cura.

En canto a expropiación encuberta, en xeral, cal quera proceso no que non se comparta as determinacións do planeamento, nin o proceso de regularización en solo urbano consolidado, nin o proceso de equidistribución de beneficios e cargas no solo urbano no consolidado acaba como último recurso na expropiación forzosa, porque por encima dos intereses particulares está o interese público e xeral do planeamento.

O proxecto de equidistribución é propio dos solos urbanos no consolidados onde existen operacións de distribución de beneficios (edificabilidade) e cargas (xestión, cesións de aproveitamento, gastos de urbanización) no sendo o caso xa que non se producen diminución dos aproveitamentos, nin cesión dunha parte de estos ao Concello.

V) Conta de compensacións económicas. Descoñécense os Anexos cos Informes de Valoración, nin as testemuñas de mercado utilizados. Chámalle a atención o importe da valoración da parcela n.º 14 municipal. Fala de risco de nulidade do Convenio de execución de planeamento da promotora co Concello de Vigo establece condicións mais gravosas que as que proceden legalmente, en perxucio dos propietarios afectados.

A documentación completa facilitouse nun enlace para consulta e descarga, a documentación tamén está na páxina web do Concello, que aínda a día de hoxe pode consultarse. Non pode alegar descoñecemento xa que o enlace facilitado incluía dita documentación, como o demostra que outros interesados fixesen alegacións ás valoracións e incluso aportaran informes periciais contraditorios.

A valoración da parcela municipal P-14 segue o mesmo procedemento de cálculo que o resto, coa diferenza do cumprimento da estipulación segunda do Convenio de execución de planeamento.

O Convenio forma parte da MP definitivamente aprobada, seguiu o procedemento fixado na lexislación,.....non impón condicións mais gravosas para os afectados, a dedución dos custes de urbanización atópase na lexislación estatal de valoracións.

VI) O proxecto de Normalización parte de una disposición nula de pleno dereito como é a Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito do Barrio do Cura, xa que foi aprobada en fraude de execución de sentenza.

A Modificación Puntual do PXOU 93 e do Pepri Casco Vello, no ámbito do Barrio do Cura é o resultado da anulación do PXOM do 2008 que lle daba cobertura.

Urbanisticamente a MP delimita un ámbito no previsto no PGOU de 1993, categoriza o solo urbano, non se xustifica o cumprimento dos estándares para sistemas locais.

O ámbito da Modificación Puntual corresponde exactamente co delimitado no PXOM do 2008

En canto a categorización do solo urbano, o PGOU de 1993 non distinguía non era unha obriga legal. A primeira lei galega que estableceu a categorización do solo urbano foi a lei 9/2002 de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia, xa derogada, mas continua na



Concello de Vigo

vixente lei 2/2016 do Solo de Galicia, a Modificación puntual tramitada tivo que adaptarse a lexislación vixente.

En canto ao cumprimento dos estándares, do artigo 42 da LSG, na Memoria Xustificativa da Modificación Puntual xustificouse a reserva de mínima de sistemas locais e vivenda protexida, sen as cales non tiña obtido a Aprobación Definitiva.

Solicita: excluir o inmovible de Santa Marta nº 10 da Normalización ao non precisar operacións de adaptación de configuración. Expedir copia dos documentos contidos na alegación segunda.

A primeira súplica non pode ser tida en conta xa que a mesma propietaria recoñece o incumprimento das condicións de parcela mínima da Normativa.

A segunda súplica non pode considerarse unha alegación en se mesma, no obstante o anterior, con data 10/05/2023 e en contestación ao seu escrito, comunícaselle que as copias solicitadas fóronlle remitidas mediante ligazón contida na notificación enviada dende esta Xerencia municipal de Urbanismo, asinada dixitalmente en data do 20.04.2023, co número de saída 4405-2023, e que consta recibida por Vd., na sede electrónica da XMU, na mesma data.

Estímase parcialmente a alegación no sentido do informe.

É todo o que teño a ben informar, co alcance indicado, respecto das alegacións que figuran recibidas no período de información pública e notificación individualizada, no presente expediente. (...).

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada


- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
- L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- PEPRI do Casco Vello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 12.04.2007, DOG núm. 108 do 06.06.2007; BOP núm. 96 do 18.05.2007; A súa normativa foi integramente publicada no BOP núm. 96 do 18.05.2007.



- A Modificación Puntual do PXOU de 1993 para a ordenación do Barrio do Cura, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello con data 23.07.2021 DOG n.º 160, de 20 de agosto de 2021 e BOP de 11 de novembro de 2021.
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.- Obxecto da normalización de predios

Nos previos antecedentes de feito, deixouse constancia dos obxectivos do presente proxecto de normalización, e que se reflicten na Memoria Xustificativa do proxecto achegado aos efectos da súa aprobación definitiva, que dun xeito xeral non é outro que, non son outros que, dotar ao ámbito do Barrio del Cura dunha apropiada ordenación urbanística e garantir a súa execución, dotando do debido marco de seguridade xurídica a todo o dito proceso de transformación urbanística.

A totalidade do solo do ámbito do Barrio do Cura se atopa clasificado como solo urbano, delimitando no seu interior unha área de reparto, nomeada AR I-01, que comprende todo o solo urbano non consolidado, e o resto do ámbito que da fronte ás rúas Santa Marta, Llorente e Pi e Margall- Paseo de Alfonso, se ordena como solo urbano consolidado, Ordenanzas BC-R 01 e BC- R02.



-  LÍMITE DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS DEL ÁMBITO DE SUELO URBANO CONSOLIDADO BC-R01
-  LÍMITE DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS DEL ÁMBITO DE SUELO URBANO CONSOLIDADO BC-R02



Concello de Vigo

De conformidade coa Memoria Xustificativa da Modificación Puntual, entre os obxectivos específicos figura a posibilidade de mellorar a comunicación e mobilidade transversal, entre o eixe de Paseo Alfonso XII- Pi e Margall e as zonas máis baixas da entorna da actuación, prevendo a tal obxecto:

- A conexión peonil entre o Paseo de Alfonso XII e a zona da ribeira, así como entre as rúas Santa Marta e Poboadores, facilitando a mobilidade vertical coa axuda de medios mecánicos*
- A mellora da mobilidade rodada coa ampliación do viario de conexión entre o eixe do Pase de Alfonso XII- Pi y Margall e a rúa Torrecedeira (rúas Llorente e Santa Marta)*

III.- Formulación e procedemento de tramitación

A vixente Lei do solo de Galicia- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, adica o artigo 110 a regulación da "Normalización de predios", establecendo que, cando for necesario adaptar a configuración física das parcelas en solo urbano consolidado ou en solo de núcleo rural, en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico, o municipio poderá delimitar zonas de normalización de predios, sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio.

Pola súa banda, nos artigos 280, 281, e 282 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, pautase o obxecto, contido e procedemento de aprobación do proxecto de normalización de predios; Establecendo o artigo 280 que, o procedemento poderá iniciarse en calquera momento de oficio ou a instancia da parte interesada, - tal e como acontece no presente expediente- polo que, con carácter previo, será necesario obter a aceptación municipal do ámbito de normalización proposto, se o mesmo non se contivera no planeamento coa ordenación detallada, aceptación que se produzo mediante acordo adoptado polo Consello desta XMU con data do 07 de xuño de 2022, do xeito e co resultado que se indicou nos antecedentes de feitos.

Respecto ao contido do proxecto de normalización estarase ao disposto, no artigo 281 do RLSG, que deberá incluír a seguinte documentación : Memoria xustificativa; relación de propietarios e interesados afectados debidamente xustificada; descrición das parcelas afectadas co contido esixido para a equidistribución, nos números 3 e 4 do artigo 251; conta de compensacións económicas cando proceda; plano parcelario de información; plano parcelario de información; plano que conteña a delimitación exacta do ámbito e plano dos predios normalizados; Revisado o seu contido, os que subscriben conclúen que, o proxecto está completo aos efectos de proceder a súa aprobación definitiva.

No que atinxe ao procedemento de aprobación, e a teor do pautado no artigo 282 do RLSG, o órgano municipal competente aprobou inicialmente o proxecto e o someteu ao preceptivo trámite de información pública así como a notificación individualizada a todos os propietarios do ámbito, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos, polo que procede neste intre que polo órgano competente do Concello de Vigo, se adopte o acordo de aprobación definitiva

Con carácter posterior á aprobación definitiva do proxecto, a entidade promotora inscribirá no Rexistro da Propiedade a nova configuración física das parcelas. A tal efecto deberá remitirse ao Rexistro da Propiedade unha certificación administrativa expedida polo Concello na que se inclúa o acordo de aprobación definitiva e se faga constar as circunstancias relativas ás persoas, os dereitos e as parcelas ás que afecta o acordo. Igualmente, con carácter posterior á aprobación definitiva a entidade promotora instará do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas.

IV.- Estudo das alegacións achegadas

Consta como se ten significado no relato de feitos incorporado ao expediente, informe asinado en data 18.05.2023 respecto ás alegacións achegadas no preceptivo período de información pública do acordo de aprobación inicial, no que se fai constar que se tivo en conta o informe ás alegacións elaborado polos técnicos

redactores do proxecto que nos ocupa, - que se incorporará como Anexo á presente proposta de aprobación definitiva;

Pola súa banda e no que atinxe ás cuestións xurídicas que revisten os ditos escritos de alegacións presentados, tralo seu estudo pola xurídica que asina a presente, fanse propias as xustificacións, fundamentos e as propostas dos técnicos redactores do presente proxecto.

Deste xeito, o documento presentado de cara a súa aprobación definitiva incorpora certas modificacións como resultado da proposta de estimación e parcial estimación dalgunhas das alegacións recibidas, ademais de certos axustes menores derivados do seu estudo.

Estas modificacións son coherentes coa análise e proposta realizada no informe técnico de contestación de alegacións. Con todo, as modificacións operadas a respecto do instrumento inicialmente aprobado non supoñen cambios substanciais a respecto da proposta de ordenación contida naquel.

V.- Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte ,

ACORDO

Primeiro: Estimar, estimar parcialmente e desestimar os escritos de alegacións presentados logo da aprobación inicial do "Proxecto de Normalización de predios do Solo Urbano Consolidado BC-R01 e BC-R02 do Barrio do Cura", e que se relacionan no certificado do Secretario da XMU de data 18.05.2023, de acordo cos fundamentos expostos no informe de contestación de alegacións emitido pola arquitecta xefa de desenvolvemento urbanístico, no sentido expresado neste, e consonte as xustificacións, fundamentos e propostas aportadas polos técnicos redactores, que se incorporan como Anexo á presente, nos termos invocados.

Segundo: Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao documento nomeado "Proxecto de Normalización de predios do solo urbano consolidado BC R02 e BC R01" da Modificación puntal do PXOU de 1993, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura", promovido pola entidade Barrio do Cura,SL, e que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 12 e 15 de maio de 2023, respectivamente (Cod. Sol.- W908869-3925;W909633-3922 e Doc. 230138579; 230139599-), documento refundido redactado pola Avogada Carmen Abuín Fernández (colexiada nº 2942 ICA Vigo) e o arquitecto Cesar Álvarez Arines (colexiado nº 2295 COA Galicia).

Terceiro: Proceder á notificación do presente acordo, aos alegantes e a todas as persoas interesadas no presente procedemento, co ofrecemento dos recursos que correspondan interpor consonte a dereito, así como á publicación íntegra do proxecto definitivamente aprobado na sede electrónica do Concello de Vigo.

II.- Perante o dito acordo de aprobación definitiva, e dentro do prazo legal conferido a dito efecto, con data do 06 de xullo de 2023 tiña entrada no Rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, un escrito presentado por D^a. Iría Díaz López, polo que interpón recurso de reposición ao mesmo.



Concello de Vigo

Remitido o mesmo á entidade Barrio do Cura Desarrollo, SLU, con data do 19.07.2023 (Doc. Núm. 230218437) presentan escrito de oposición ao dito recurso de reposición, formulado por D^a . Iría Díaz López, que se incorpora ao expediente electrónico de razón.

III.-Elevado o expediente á Xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 08.08.2023, emite informe do seguinte teor literal:

"(..) INFORME TÉCNICO

O recurso de reposición baséase nos seguintes motivos:

PRIMERO Con carácter previo. Falta de remisión do expediente de Normalización de fincas 5292/401

Relacionanse as diferentes notificacións das fases do procedemento administrativo, como das peticións específicas feitas pola recorrente:

- Trámite de aceptación do ámbito: Notificación electrónica 9020/2022 data de publicación en web 28/06/2022. Recibida o 28/06/2022
- Trámite da aprobación inicial. Notificación electrónica 1590/2023 data de publicación en web 7/02/2023. Recibida o 7/02/2023
- Trámite da aprobación definitiva. Notificación electrónica 6306/2023 data de publicación en web 7/06/2023. Recibida o 7/06/2023
- Petición expresa de copia do expediente do 29/06/2022 doc nº 220163757. Contestada mediante notificación electrónica 9869/2022 data de publicación en web 15/07/2022. Recibida o 15/07/2022
- Petición expresa de copia de determinados documentos do expediente do 29/03/2023 doc nº 230078581 Contestada mediante notificación electrónica 4405/2023 data de publicación en web 20/04/2023. Recibida o 20/04/2023

A maiores, o expediente estivo exposto na páxina web do concello e na sede electrónica municipal, como se expresa no certificado do Secretario da Xerencia de Urbanismo de data 18/05/2023 "...someteuse o período de información pública do expediente núm. 5292/401, do Proxecto de Normalización de predios do solo urbano consolidado BC R02 e BC R01" da Modificación puntal do PXOU de 1993, para a ordenación do ámbito do Barrio do Cura" aberto polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 43, do 02 de marzo de 2023), na páxina Web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal"

O acceso ao expediente consta notificado e recibido, polo que non pode alegar indefensión.

SEGUNDO Titularidade do predio identificado como finca nº 15 do Proxecto de Normalización do ámbito do SUC suxeito á Ordenanza BC-R02.

A propiedade expresa que como non tivo acceso ao expediente non sabe se a súa propiedade quedou correctamente documentada.

No trámite de aprobación definitiva, sinalado no apartado anterior, consta:

- Informe de contestación de alegacións, no que se lle indicaba que nas Notas Simples do Rexistro da Propiedade actualizadas recollen a titularidade correcta e os datos do inmovible e así consta no proxecto aprobado definitivamente.
- A documentación íntegra aprobada definitivamente pode consultarse na seguinte ligazón, no apartado XESTION / EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO:
https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/

O acceso ao expediente consta notificado e recibido, polo que non pode alegar descoñecemento dos datos definitivos do seu inmovible.

TERCEIRO Arbitrariedade ao excluir da normalización fincas en idéntica situación física e xurídica.

O artigo 280.3 do RLSG establece a posibilidade da normalización de facerse por cuarteiróns compleoas, parte deles o ámbitos equivalentes.

Xa no informe técnico asinado o 1/06/2022, no trámite de aceptación do ámbito, xustificouse que a zona segregado e unha unidade autónoma, na que non se producirán diminución dos aproveitamentos otorgados, se adecúa á ordenación aprobada e é posible materializar a edificabilidade otorgada.

“Na zona excluída da normalización BC-R02 de 328,48m² composta polo fronte consolidado da rúa Pi y Margall, edificios do n.º 2 (Rúa Barrio do Cura 2 e 3) do n.º 4 (Barrio do Cura 4) e do n.º 6 e a calexa que os envolve polo norte e oeste, terá que producirse tamén unha normalización de fincas cando os propietarios que representen mais do 50% da superficie así o soliciten. Na documentación achegada demostrase que a edificabilidade otorgada pola ordenación detallada, definida polas aliñacións oficiais, as aliñacións interiores e as alturas sinaladas nos planos de ordenación detallada OD_02_Ordenación Xeral-Aliñacións e Alturas, alcanza os 1237,94m². e que pode materializarse”.

A zona excluída, está formada por edificios nos que a ordenación proposta é case coincidentes coa realidade con pequenas adicións, a zona está rodeada por viario municipal (escaleiras e calexa), non existe intención por parte dos propietarios de substituír o ampliar os edificios actuais de xeito inmediato, polo que posponse a súa normalización a unha fase posterior.

A decisión, legalmente permitida, non é arbitraria e non ten un futuro incerto.

CUARTO A vivenda da recorrente non precisa adaptar su configuración física á ordenación sobrevinda.

Á edificación onde a recorrente posúe a súa vivenda, non lle resulta de aplicación o sinalado no artigo 40 da LSG, para as edificacións tradicionais do solo rústico e dono solo de núcleo rural, xa que o solo onde situase a edificación é solo urbano.

Á vista da ordenación detallada contida na Modificación Puntual aprobada, a edificación non está fora de ordenación, segundo o artigo 90,1 da LSG, xa que no está afectada por viario, zonas verdes o equipamentos públicos, máis a parcela e a súa edificación non resulta plenamente compatibles coa ordenación aprobada, pódese dicir que está “fora de ordenanzas” como é o feito de non estar situada na nova aliñación e que para alcanzala existe outra parcela interposta, polo que no conxunto esa parcela e as lindantes si precisan adaptar a súa configuración física inicial ás novas exixencias do planeamento aprobado.

O motivo non debe ser tido en conta.

QUINTO Falta de xustificación das compensacións económicas previstas no proxecto de normalización

Como únicos aspectos de controversia nas valoracións do proxecto a recorrente sinala:

- Non comparte que a vida útil do edificio sexa dun 65%, recollida no Catastro, sen ter en conta as obras de reforma o mellora realizadas que podan alterar a vida útil considerada, das que non proba nin aporta datos polo que se manteñen as do informe.*
- Compara o importe da taxación de seu inmovle co valor en venta dos novos inmobles que van a ser construídos e que comercializa a empresa Gestilar, sen ter en conta o valor da construción e todos os gastos necesarios para desenvolver o produto inmobiliario.*

Non aporta unha valoración contraditoria que desvirtúe a do proxecto, polo que as compensacións económicas do proxecto se consideran xustificadas.

O motivo non debe ser tido en conta.

SEXTO O proxecto de normalización de predios é aplicación dunha disposición de carácter xeral nula de pleno dereito.

Os motivos que se expoñen de vulneración de normas de rango superior é un motivo fundamentalmente de tipo xurídico, que non é avaliada pola técnica que subscribe o presente informe.

6.1 A Modificación puntual del PGOU para reordenar o Barrio do Cura foi aprobada en fraude de sentenzas firmes.



Concello de Vigo

A anulación do PERI do Barrio do Cura do 2014 é consecuencia directa da anulación do PXOM do 2008, por un principio de xerarquía, o motivo fundamental da anulación do PXOM do 2008 foi a ausencia da avaliación ambiental estratéxica na tramitación do plan, e nada ten que ver coa ordenación detallada do Barrio do Cura.

6.2 Infraccións da lexislación urbanística:

- 1. Delimitase un ámbito non previsto no plan que modifícase**
A posibilidade das Modificacións puntuais é ampla e pode abarcar novas delimitacións, a modificación plantexada recolle a delimitación do PXOM do 2008 anulado.
- 2. A modificación puntual categoriza o solo urbano**
A actual Lei do Solo de Galicia obriga dende o ano 2016 a categorizar o solo urbano, así a Modificación puntual redactada e aprobada está obrigada ao cumprimento da normativa urbanística vixente.
- 3. Non xustifica o cumprimento dos estándares legais para sistemas locais**
Na memoria xustificativa da Modificación Puntual xustificanse as reservas de solo para dotacións dos sistemas locais:
 - *sistema de espazos libres públicos*
 - *sistema de equipamentos públicos*
 - *prazas de aparcamento*
 - *arborado*

A Modificación puntual tamén xustificou a reserva do 30% de solo para vivenda sometida ao réxime de protección pública

A modificación puntual definitivamente aprobada contou con todos os informes sectoriais, incluído o da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo que, entre outras cosas, vela pola a) A integridade e suficiencia dos documentos que o integran e b) A conformidade coa lexislación urbanística vixente, segundo o artigo 60.15 da LSG

Considerase un motivo sen fundamento e extemporáneo.

Finalmente a recorrente solicita 1º a anulación da resolución impugnada por ser nula de pleno dereito, 2º, subsidiariamente, a exclusión do inmovible da súa propiedade da zona de normalización de predios da ordenanza BC-R02 e 3º suspender a executividade do acto administrativo impugnado.

Polo anteriormente exposto e dende o punto de vista técnico, non procede a aceptación de ningún dos motivos expostos no recurso. Non é posible a exclusión do inmovible da normalización de predios porque resulta necesaria a reordenación da configuración física da parcela e suas parcelas lindeiras para ser plenamente compatible coa ordenación.

Consta no expediente a notificación e trasladado ao promotor da actuación, Barrio de Cura Desarrollo SLU, do recurso e que mediante escrito achegado o 19/07/2023 doc. nº 230217427 manifesta a súa oposición ao recurso formulado. (..)

FUNDAMENTOS LEGAIS/VALORACIÓN XURÍDICA

A) Normativa Básica Examinada

- PXOU-93, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 29.04.1993, no expediente nomeado de "Subsanación de deficiencias na adaptación do PXO-88 á Lei 11/1985 de adaptación da do Solo a Galicia" (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993), coas súas modificacións puntuais,

- RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e Rehabilitación urbana,

- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), e as súas modificacións,

- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas,
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público,
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, coas súas diversas modificacións,
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- A Lei 29/1998, do 3 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto das disposicións que poidan afectar,

B) Lexitimación para a súa interposición

A lexitimación para interpoñer o recurso de reposición correspóndelle en materia de urbanismo aos que posúan a condición de interesado, en base ao sinalado no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, e asemade a calquera persoa, ao abeiro da acción pública regulada no RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana e, na disposición adicional cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en diante LSG. No expediente axuizado e en canto a admisión do recurso presentado, queda constatada e acreditada a condición de interesada da recorrente.

C) Prazo

O prazo para interpoñer o recurso potestativo de reposición consonte co sinalado no artigo 124 LPACAP é de un (1) mes, dende a notificación ou dende a publicación do acordo aprobatorio.

Neste senso, tendo data de presentación o recurso de reposición no rexistro electrónico da Xunta de Galicia en Vigo o 06.07.2023 (Doc. núm. 230204506) formulouse dentro do prazo positivizado pola normativa para a presentación do mesmo.

Deste xeito, admítese a trámite o mesmo, ao cumprir todos os requisitos de tempo e forma esixidos polos artigos 123 e 124 da LPACAP.

D) Estudo do alegado pola recorrente

Debe sinalarse que, se toma en consideración as xustificacións, fundamentos e propostas aportadas polo equipo redactor da presente Normalización de Predios, en resposta e oposición ao recurso de reposición.

Resumo do recurso:

Dende un primeiro intre, compre indicar que as cuestións manifestadas pola recorrente, reproducen practicamente na súa integridade, o xa alegado durante o preceptivo trámite de información pública do presente expediente, e que no foron desestimadas no amentado acordo de aprobación definitiva de data 25.05.2023 (salvo a acreditación da titularidade do inmovible), e que se conforma polos seguintes apartados:

* Sobre o acceso á documentación que integra o expediente



Concello de Vigo

Resposta.- Reiterase o xa indicado na proposta que serviu de base ao acordo de aprobación definitiva da Normalización de Predios, isto é, o expediente completo estivo a disposición de calquera interesado, na páxina web do Concello de Vigo, tal e como se facía constar no anuncio inserido no BOP núm. 02.03.2023; A maior abastamento, con data do 20.04.2023 por parte deste departamento trasladouse oficialmente a interesada, notificación, na que se lle puxo a súa disposición un enlace con toda a documentación que obraba incorporada ao expediente electrónico ata dita data, e cuxa recepción consta no expediente na mesma data.

Procede a súa desestimación

* Respecto á Delimitación da zona de Normalización

Resposta.- O artigo 280.3 do RLSG establece que, a normalización poderá facerse por mazás completas, parte delas, ou ámbitos equivalentes, (...); A delimitación da Normalización de fincas para o solo urbano consolidado BC-R2, xustifícase polo miúdo no apartado 1.4 do proxecto de normalización; A resposta a dito apartado, compréndese no informe técnico de data 08.08.2023, reproducido nas alíneas precedentes.

Procede a súa desestimación

* O deber legal de regularizar a súa finca para adaptala as exigencias do planeamento; * a correcta xustificación das compensacións económicas previstas no proxecto de normalización, * A delimitación pola MP do PXOU dun ámbito non previsto no PXOU 1993,....ñ* A non xustificación do cumprimento de estándares para sistemas locais, * A categorización pola MP do solo urbano;

Resposta.- Ditas cuestións, abórdanse polo miúdo no informe técnico do 08.08.2023-

Procede a súa desestimación

* Nulidade de pleno dereito da Modificación Puntual para a reordenación do Barrio do Cura

Resposta: Sinalar a dito respecto, que a MP para a reordenación do Barrio do Cura, foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, con data do 23 de xullo de 2021, publicada no DOG DO 20.08.2021, normativa e ordenanzas no BOP do 11.11.2021, e inscrita no Rexistro de ordenación do Territorio e Planeamento de Galicia, é firme e executiva, trala súa entrada en vigor (artigo 82 da LSG) ao non ter sido impugnada nin en vía administrativa nin xudicial;

Procede a súa desestimación

Finalmente, respecto ao solicitado de proceder a suspensión da tramitación do proxecto de normalización, non procede, ao non concorrer os requisitos previstos polo artigo 117 da LPACAP, ao preceptuar que, a suspensión cautelar dun acto que se recorre, procederá, previa valoración suficientemente razoada dos intereses en conflito, cando a súa execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, ou cando a impugnación se fundamente en algunha das causas de nulidade de pleno dereito, previstas no artigo 47.1 da LPACAP.

Non concorren ningún dos motivos pautados no artigo 117 da LPACAP, para proceder a suspensión solicitada, o interese público exige a executividade e o cumprimento das previsións do planeamento aprobado e firme, sendo o obxecto do recurso a impugnación do proxecto de normalización, cuxa finalidade é reorganizar a propiedade no solo urbano consolidado do ámbito do Barrio do Cura, adaptando a configuración física das parcelas a MP do PXOU de Vigo- (artigo 110 LSG e 280 do RLSG); A ponderación dos distintos intereses en conflito resulta obvia, a administración debe velar polos intereses xerais, fixados no planeamento urbanístico.

Procede a súa desestimación, ausencia dos requisitos exixidos polo artigo 117 da LPACAP.

E) Competencia resolutoria

O recurso de reposición resolverase polo mesmo órgano que ditou o acto recorrido, que pode conformar o acto, desestimando o recurso, ou revogalo total ou parcialmente mediante un acto contrario imperio.

A competencia para a resolución do presente expediente, atribúese a Xunta de Goberno Local, (artigo 127 LBRL, a proposta do Consello da XMU (Artigo 10º dos seus Estatutos)

Por canto antecede, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar expresa e integramente, o recurso de reposición interposto con data do 06.07.2023 por Iría Díaz López, perante o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data do 25.05.2023, con base e de conformidade coa fundamentación técnica e xurídica exposta.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á recorrente na forma legalmente prevista, con indicación que perante o mesmo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da Xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo das accións legais que estimen pertinentes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(785).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez